



Tras o aperitivo que supuxo o concerto do portugués [Gobi Bear](#) na terraza do restaurante [O Afiador](#) o pasado 5 de xullo, o [Ciclo TerraZeando](#) retoma o pulso ao verán durante todo o mes de agosto e principios de setembro con cinco magníficos concertos nalgunhas das máis impresionantes terrazas de Santiago. Encabezado pola banda norteamericana [Ducktails](#), o cartel deste TerraZeando preséntase máis internacional ca nunca e, ademais do mencionado proxecto do guitarrista de **Real Estate**, o ciclo contará cos concertos dos mallorquinos [Oso Leone](#), do belga [A Singer of Songs](#), do zaragozano [Negro](#), e do dúo hispano-alemán [Belvès](#).

TerraZeando é un ciclo de concertos de verán organizado pola asociación [Desconcerto Cultural](#) en localizacións privilexiadas de **Santiago de Compostela**, lugares moi especiais que en raras ocasións son utilizados para eventos culturais, sitios con encanto que amplifican as emocións e as sensacións da música en directo e que, ben aproveitados, dan forma a veladas verdadeiramente inesquecibles.

Buscando agradecer a fidelidade dos socios e de todas aquelas persoas que asisten aos eventos que organizamos ao longo do ano, quixemos que o groso de concertos deste ciclo tivese carácter gratuito. Ademais, pensamos que, en tempos tan convulsos como os que estamos vivindo, é fundamental poder ofrecer actividades culturais para todos os públicos, incluídos aqueles que están a atravesar dificultades económicas e que con frecuencia non poden asistir a todos os concertos aos que lles gustaría. Desta maneira, todos os concertos do ciclo salvo os celebrados na [Fundación Granel](#) serán totalmente gratuítos.

Este e o resumo dos concertos que nos agardan nas vindeiras semanas:

01/08/13 – 21.00 | **Negro (Valencia) @ Porta Faxeira** | Entrada libre

A traxectoria de **Fernando Junquera**, alias Negro, está repleta de proxectos e anteprojectos, ben sexa ao lado dos **Za!** con **La Orquesta del Caballo Ganador** ou ben noutros múltiples traballos que realizou ao longo da súa carreira. A súa música é extremadamente delicada e está chea de personalidade, que se reflicte no seu último traballo *Formación del Espíritu Nacional* (**La Castanya**, 2013), onde atopamos os ecos dun **John Fahey** de matiz «blueseiro» ou dun **Jim O'Rourke** conquistado de cheo pola paella valenciana.

[Spotify](#) | [Soundcloud](#) | [Foto](#) | [Video](#)

13/08/13 – 21.00 | **Belvés (Madrid/Stuttgart) @ O Tragaluz** | Entrada libre

Belvés é unha pequena cidade francesa que lle dá nome ao proxecto de **Pablo Burgués** (cantante da extinta banda **Skimo**) e **Christian Späth** (**Tidal**, **Jigsaw Jackson**), quen, logo dalgúns anos tocando xuntos, gravan o seu primeiro álbum homónimo *Belvés*. Nel practican unha sorte de *Folk'n'Roll*, con melodías doces e directas e a aposta por todo tipo de instrumentos acústicos e ritmos enérxicos, na onda de grupos como **Neutral Milk Hotel**, **Beirut** ou mesmo **Mumford & Sons**.

[Bandcamp](#) | [Facebook](#) | [Foto](#)

20/08/13 – 20.00 | **Ducktails (EE UU) @ Fundación Granell** | Ant: 10€ | Taq: 13€

Ducktails comezou como o proxecto en solitario de **Matt Mondaline**, guitarrista da banda norteamericana **Real Estate**, e, se nos seus inicios contaba cun son máis experimental, con patróns repetidos, electrónica e guitarras gravadas en catro pistas, no seu último disco *The Flower Lane* (**Domino Records**, 2013) inclínase máis claramente cara ao pop, cunha gravación lustrosa en comparación e na que aparece toda unha banda detrás, facendo que **Orange Juice**, **Prefab Sprout** ou **The Go-Betweens** no lle queden moi lonxe.

[Web](#) | [Spotify](#) | [Bandcamp](#) | [Foto](#) | [Video](#)

27/08/13 – 20.00 | **A Singer of Songs (Bélxica) @ Costa Vella** | Entrada libre

Tomando o seu nome artístico dunha canción de **Johnny Cash**, o músico belga **Lieven Scheerlinck** preséntase en **Santiago** por vez primeira para mostrarnos as cancións que forman parte de *There is a home for you*, o seu cuarto traballo. Unhas composicións que lembran en ocasións o folk *lo-fi* de bandas como **Cocorosie** e que, nos seus momentos máis melancólicos, beben do **Damien Rice** menos épico e da música de **Elliot Smith**.

[Web](#) | [Spotify](#) | [Bandcamp](#) | [Foto](#) | [Video](#)

12/09/13 – 20.00 | **Oso Leone (Mallorca) @ Fundación Granell** | Ant: 10€ | Taq: 13€

Pode que sexa que de certo hai maxia nas **Illas Baleares**, e é que é imposible non caer no feitizo de *Mokragora* (**Foehn Records**, 2013), segundo disco dos mallorquinos Oso Leone e, dende a súa publicación, firme candidato ao disco nacional do ano. Unha viaxe onírica cun son minimalista con reminiscencias de bandas como **Young Marble Giants** ou **The XX**, pero bañado por un folk de corte experimental que lles encantaría aos norteamericanos **Grizzly Bear**, é o que lles dá forma ás nove cancións deste novo traballo que flotan como a tenue bruma dun amencer no Mediterráneo.

[Web](#) | [Spotify](#) | [Bandcamp](#) | [Foto](#) | [Video](#)



**DES
CON
CIE
RTO**
CULTURAL

Asociación Desconcierto Cultural

e> info@desconciertocultural.com

w> <http://desconciertocultural.com>

w> <http://terrazendo.com/>